



ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA

En Silleda, ás 13:04 do día 13 de xuño de 2015, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución da Corporación municipal de Silleda, surxida das eleccións que tiveron lugar o día 24 de maio de 2015, reúnense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos pola secretaria, que dá fe do acto. Asiste tamén o interventor municipal, D. Manuel Quintáns Queiruga.

ASISTENTES

Concelleiros

D. Klaus Brey Montaña
D. Manuel Cuíña Fernández
D. José Luis Espiño Espanoso
Dna M^a José Fernández Rodríguez
Dna M^a Carmen Folla González
Dna. Ana Luisa González Costa
Dna. Natalia Iglesias Méndez
D. Ignacio Maril Pardo
Dna. M^a del Pilar Peón Iglesias
D. José Antonio Ramos Dobarro
D. Matías Rodríguez da Torre
D. Luis Rodríguez Vázquez
D. Jesús Taboada Lázara

SECRETARIA

María Cacharro López

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

En cumprimento do previsto na normativa de réxime electoral xeral e de réxime local, debe constituirse unha Mesa de Idade, integrada neste caso por Jesús Taboada Lázara e M^a José Fernández Rodríguez, que son os candidatos electos de maior e menor idade, respectivamente, presentes na sala.

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

A Mesa comproba a personalidade dos restantes candidatos electos e, dado que está presente a maioría absoluta dos mesmos, declara constituída a Corporación, tal e como establece o artigo 195.4 da LOREG.

TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS

En cumprimento do artigo 108.8 desta mesma norma, no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución.

Comezan facendoo os integrantes da Mesa de idade. O Sr. Presidente, preguntado pola Secretaría municipal se xura ou promete pola sua conciencia e a súa honra, cumplir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Silleda, e gardar e fazer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, resposta, "Sí, prometo". Pola súa banda, a Sra. Fernández Rodríguez

*Aprobada na sesión ordinaria do 20/07/2015
Manuela Fernández Rodríguez*



da lectura á fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril. A continuación, a Secretaria vai chamando por orde alfabética aos restantes electos, que toman posesión como concelleiras e concelleiros, xurando ou prometendo acatar a Constitución.

D. Klaus Brey Montaña
D. Manuel Cuíña Fernández
D. José Luis Espiño Espantoso
Dna M^a del Carmen Folla González
Dna. Ana Luisa González Costa
Dna. Natalia Iglesias Méndez
D. Ignacio Maril Pardo
Dna. M^a del Pilar Peón Iglesias
D. José Antonio Ramos Dobarro
D. Matías Rodríguez da Torre
D. Luis Rodríguez Vázquez

ELECCIÓN DO ALCALDE

De seguido, para elixir Alcalde debe seguirse o procedemento que establece o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. En primeiro termo, a Secretaria pregunta aos concelleiros que encabezaron as correspondentes listas electorais se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran.

Manteñen a súa candidatura: Manuel Cuíña Fernández e Matías Rodríguez da Torre

Retira a súa candidatura: José Luis Espiño Espantoso

Despois da proclamación dos candidatos, procédese á votación ordinaria, co seguinte resultado:

- D. Manuel Cuíña Fernández PSdeG-PSOE: 7 votos
- D. Matías Rodríguez da Torre BNG: 1 voto

Abstencións: 5

Dado que a candidatura de Manuel Cuíña Fernández obtivo 7 votos, que fan a maioría absoluta dos membros da Corporación, queda proclamado Alcalde do Concello de Silleda.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, Manuel Cuíña Fernández achégase á Mesa e, previa promesa de acatamento á Constitución segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, toma posesión do cargo de Alcalde do Concello de Silleda, facéndolle entrega o Presidente da Mesa de Idade do bastón de mando da Corporación. O Sr. Alcalde pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que queda disolta a Mesa de Idade.

Unha vez na Presidencia, o Sr. Alcalde cede a palabra ao Sr. Rodríguez da Torre, candidato á Alcaldía polo BNG, que solicitou unha intervención para

explicar brevemente as razóns da súa candidatura. Tratábase, en síntese, de gobernar para facer de Silleda un concello galego, orgulloso de pertencer a unha nación milenaria. Un concello social, participativo, aberto, de esquerdas, e que frenara as tentacións das maiorías absolutas de coutar a democracia.


Toma a palabra o Sr. Alcalde para agradecer, en primeiro lugar, o tono da intervención do Sr. Rodríguez da Torre, así como os parabéns que recibiu na mesma noite electoral do voceiro do Partido Popular, Sr. Espiño, interpretando a retirada da súa candidatura á Alcaldía como un voto de confianza. Espera que os vindeiros anos sexan prósperos para Silleda, e para isto confía en chegar a acordos cos demais grupos.

A continuación, destaca o feito de que a súa candidatura fora a gañadora non só en número de concelleiros, senón tamén en número de votos. Lembra as dificultades habidas nos oito anos anteriores ata chegar a este resultado, que é froito do intenso e constante traballo levado a cabo. Pide por isto un aplauso para os concelleiros e persoas que colaboraron neste proxecto.

Logo do aplauso, sinala que a partir de hoxe mesmo o equipo comeza a traballar para poner en marcha as políticas que consideran necesarias para o Concello. Anuncia que axiña farase o pleno organizativo e, de seguido, a aprobación dos orzamentos.

Remata o Sr. Alcalde agradecendo aos silledenses a súa participación nas eleccións, incluíndo aos que non participaron, porque seguramente non podían, e da finalmente as grazas aos que confiaron no seu grupo, así como a todos os presentes, por acompañarnos no día de hoxe.

Dito esto, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión ás 13:25 horas, do que, como secretaria, dou fe.

Vº e Pr.
O alcalde

Manuel Cuíña Fernández

A secretaria

Maria Cacharro López

2022-02

